

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA  
CORPORACION O DÍA 6/02/2017, EN PRIMEIRA  
CONVOCATORIA.**

**ASISTENTES**

**Concelleiros**

**Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)**

José Marcote Suárez  
Soledad Vilela Romero  
Alexandre Domínguez Lado  
María Rocío Mariño López

**Concelleiros**

**Partido Popular (PP)**

José Manuel Traba Fernández  
Daniel Juan Benlloch Rivas  
Santiago Insua Esmorís-Recamán  
María del Rocío Marcote Canosa

**Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Teresa Fernández Martínez

**Converxencia Galega**

Juan Agustín García Pouso

**Secretario**

José Ramón Lema Fuentes

**ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.
- 2º.- Mocións de grupos políticos.-
- 3º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 4º.- Rogos e Preguntas.-

**Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:30 horas, do día 6/02/2017, reúnense no salón de sesións da casa do concello baixo a Presidencia de o Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:**

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

**Sometida a votación a do día 5 de Decembro de 2016 é aprobada por Dez votos a favor (4 PSdG-PSOE, 1 BNG, 4 PP ) e unha abstención do Sr. García Pouso do grupo Converxencia Galega alegando que non puido examinar a acta redactada con tempo suficiente.**

O Concelleiro Sr. Traba Fernández do Grupo Popular fai constar que dentro das Mocións na súa intervención recollida na acta onde di " .....unha Comisión creada para deixala paralizada por tres Partidos Políticos maioritarios no Goberno .- " debe dicir ....." unha Comisión creada para modificala por tres Partidos Políticos maioritarios no Congreso dos Deputados ".--

2º.- Mocións de grupos políticos.-

A) MOCION QUE PRESENTA O GRUPO DE GOBERNO SOBRE O CONTRATO DA XESTION DO ALBERGUE DE PEREGRINOS.

( Rexistro de Entrada 323 de data 1/02/2016)

Dada conta

#### EXPOSICION DE MOTIVOS

" O Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada con data 19 de Maio de 1997 adoptou acordo de ceder gratuitamente en propiedade á S.A. de Xestión dop Plan Xacobeo, unha casa municipal, con destino exclusivo de construír un albergue.

Posteriormente , unha vez construído o Albergue e con data 24 de Febreiro de 2000, en cumprimento de acordo adoptado en Pleno do 27 de Agosto de 1999, asinouse contrato de colaboración entre o Concello e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para o desenvolvemento da actividade do referido establecemento, coas manifestacións e cláusulas que nel aparecen.

A Clausula Oitava dese contrato di textualmente " O presente contrato terá unha vixencia de Dez anos, a contar dende a sinatura do mesmo ". Polo tanto dito Contrato finalizou o 24 de Febreiro de 2010, é dicir fai exactamente Sete ( 7 ) anos.-

A situación ao longo dos anos mudou en grande medida, polo que podemos facer as seguintes consideracións.

- Naqueles tempos en Fisterra non había ningún Albergue. Se queriamos reivindicar o noso Camiño, dotarnos dun Albergue da Rede Xacobeá, tal e como se fixo, seguro que foi unha decisión necesaria e acertada.

- Ao longo deste tempo o número de Peregrinos aumentou considerablemente, e a época do ano na quen nos visitan, tamén aumentou considerablemente. Por todo isto o traballo a realizar durante o ano incrementouse moito, sendo totalmente imposible atender axeitadamente esta instalación, cunha soa persoa.

- Estaremos de acordo que este tipo de instalacións, ou se teñen e atenden con calidade, ou mellor non telas.

- Necesitamos un punto de atención ao peregrino e de información turística diferenciado e non misturado co albergue creando situacións caóticas e problemas dos que todos somos coñecedores.

- A día de hoxe os ingresos que recibe o Concello do Albergue, non cubren os gastos de funcionamento que debemos soportar.

- Non se dispón de regulación que permita aos traballadores do Concello cobrar as pernotacións, creando unha clara inseguridade xurídica.-

- Non tendo sistema de reserva, crea unhas expectativas aos peregrinos, que dan lugar a problemas cando se atopan sen praza á súa chegada.-

- Por outra parte, a día de hoxe, as prazas coas que conta o Albergue, non son necesarias dada a oferta do sector privado no noso municipio, podendo ser vista como unha competencia a baixo prezo.-

- Este Goberno Municipal mantivo unha xuntanza co Sr. Xerente do Xacobeo no mes de Xuño do ano 2016, manifestándolle a necesidade de revisar o contrato dada a data da súa caducidade. Reiteramos esa necesidade mediante escrito de data 14 de Novembro de 2016, sen resposta.-

Polas razóns expostas, é facilmente entendible que non podemos seguir co Albergue así funcionando tal e como o está a facer agora.

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**1) A resolución do contrato asinado o 24 de Febreiro de 2000 e que xa rematou o 24 de febreiro de 2010.**

**2) Adoptar un prazo de dous meses a partir da comunicación á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, para a negociación dunha solución a esta situación.**

**Durante este prazo de tempo o Concello comprométese a manter o albergue aberto coas limitacións que conleva dispoñer dunha soa persoa, e o respecto aos seus descansos regulamentarios.**

**Todo esto sempre e cando o cumprimento das normas aplicables, non supoña un gasto para o Concello.**

**3) Que pasados os dous meses referidos no punto anterior, o Concello instará a S.A. Xestión do Xacobeo para que :**

**a) Se faga cargo do Albergue de Peregrinos.-**

**b) No caso de que non o fixese así, o Concello solicitará a reversión da propiedade por incumprimento da fin para o que no seu día foi cedido á S.A. Xestión do Xacobeo para xestión municipal de Alberque de Peregrinos.--**

### **INTERVENCÍONS**

**Sr. Alcalde**

**Dicir que a razón fundamental de plantear esta Moción é ante a inseguridade xurídica en que nos encontramos dado que na actualidade o Convenio formalizado no seu día esta caducado e isto pode causarnos problemas legais tanto en relación co persoal municipal afecto o mesmo**

como a posibles situacións que poideran producirse no seu funcionamento.

Expoñer tamén que outro dos motivos é o seu carácter deficitario e por existir dentro do Municipio unha serie de negocios privados que prestan tamén o servizo de albergue; faise necesario polo tanto reiterarlle ao Xacobeo, dándolle dous meses de prazo, que no caso de non chegar a un acordo de convenio, habería que pechalo ou pedirse á súa reversión ao Concello.-

Para solventar esta situación estiven reunido no Xacobeo en xuño e quedaron de darme unha resposta, en novembro mandouselle outro escrito sobre o mesmo asunto e xa estamos en febreiro e seguimos sen ter resposta; por iso, inda que poido resolverse pola Alcaldía, considere necesario pronunciarse dende o Pleno da Corporación para que todos decidíramos.

Por iso espero que cando lle chegue o Acordo chegue ao Xacobeo, fale con nós.

#### Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Dicir que con esta Moción parece que se quere pechar o Albergue porque fai competencia a outros privados; desde noso punto de vista sería unha vergonza que Fisterra fose o primeiro Concello en pechar un Albergue desde Francia.

#### Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega

Estou de acordo con que non se pode seguir así, pero aquí o que se vén a plantear é unha desculpa para pechar o albergue público, si ou si e polo tanto non son partidario de aprobar calquera acordo deste tipo e deixo sobre a mesa que sexa o Concello o que se faga cargo directamente do seu funcionamento para aproveitar as posibilidades que iso ofrece nun escenario de competencias coas localidades que nos veñen pisando os talóns con outras instalacións públicas.

Considero que é un servizo vital para Fisterra e se fai falta ponse un municipal, pero o que é certo é que Fisterra ten que ter un albergue público.

A miña proposta é clara, estou en contra do seu peche, sobre todo se apostando a Fisterra como punto final do Camiño, que é o que é .-

Se non se pode chegar a un novo Convenio co Xacobeo habería que xestionalo como Albergue Municipal xa que éste é un referente para todos peregrinos é un servizo vital para Fisterra dado que estamos nun momento de competencia e en ningún caso se pode pechar .

**Seguidamente o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a proposta formulada.-**

**B) MOCIÓN QUE PRESENTA O BNG PARA DEMANDAR UN SISTEMA DE CONCERTO PARA FINANCIAR OS SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS EN GALIZA.**

**Rexistro de Entrada 328 de data 1/02/2017**

**Dada conta do seu contido:**

“ O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á demanda dun novo sistema de financiamento para Galiza baseado no concerto económico para financiar os servizos públicos básicos.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O actual sistema estatal de financiamento autonómico, vixente desde 2009, amosou a súa ineficacia para atender os servizos públicos básicos durante a crise.

A Conferencia de Presidentes que tivo lugar en xaneiro de 2017 unicamente acordou iniciar os traballos para a súa revisión, xa que desde 2014 estaba prorrogado por decisión unilateral do Goberno central. As conclusións deste conclave deixan entrever que o Goberno central e os gobernos de comunidades autónomas presentes non teñen interese en facer unha revisión a fondo do sistema de financiamento, mantendo en mans da administración central do Estado a maior parte da capacidade fiscal e recadatoria.

Desde o BNG cremos necesario mudar o actual modelo, onde Galiza recibe o que se acorda desde Madrid, sen capacidade para exercermos unha política fiscal propia. Galiza ten competencias en políticas sociais fundamentais, xestionando os servizos básicos máis relevantes: sanidade, educación, servizos sociais, ou dependencia. Asume, polo tanto, a responsabilidade sobre unha parte importante das denominadas “políticas de benestar”, que requiren de elevados recursos económicos para o seu funcionamento. A pesar diso, este sistema de financiamento, baseado en transferencias e cesión de impostos, apenas lle permite a Galiza decidir realmente sobre a política fiscal, sobre a xestión e recadación dos impostos que se pagan aquí, que son o soporte que realmente financia as competencias e servizos básicos atribuídos a Galiza.

O proceso consecuente coa descentralización competencial habería de configurarse arredor do principio polo cal a quen lle corresponde manter os servizos esenciais para a maioría social, tamén ha de ostentar a responsabilidade da política fiscal. Nestes momentos, a Xunta de Galiza, en virtude da descentralización competencial, é titular dos servizos básicos anteditos, co que destina a maior parte do seu orzamento de gastos a políticas sociais. O propio Goberno galego actual cifra en 7 de cada 10 euros a

porcentaxe de fondos do orzamento da Xunta destinados a políticas sociais e, non obstante, a pesar de exercer as competencias nos servizos públicos básicos e do gasto social, non ten capacidade para responsabilizarse do ingreso para financiarlo. Así, no que atinxe aos ingresos, case 2 de cada 3 euros do orzamento da Xunta de Galiza dependen do sistema de financiamento común, cuxas decisións fundamentais determina o Estado. Dunha banda, pola capacidade á hora de fixar os mecanismos do reparto, pois o Estado ten os mesmos votos que o conxunto de todas as comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financeira. Doutra banda, porque estes recursos teñen orixe na política fiscal, cuxo deseño e aplicación a través da regulación e recadación dos principais tributos tamén exerce o Goberno Central.

Se Galiza optase por un sistema de concerto económico co Estado español, sería a Xunta de Galiza, como administración responsábel de cada un dos servizos públicos básicos, quen decidise o diñeiro destinado a estes e responsábel de decidir sobre os impostos. Iso suporía que as persoas obrigadas pola imposición fiscal poden identificar con maior clareza o custo-beneficio do gasto público. Certamente, cun sistema de concerto para Galiza avanzamos á hora de decidir por nós mesmos/as, mais tamén nos convén do punto de vista económico, tamén gañamos diñeiro para atender as competencias do noso país.

O BNG aposta por un sistema máis racional e transparente do punto de vista económico que o actual, centralizado e controlado desde o Estado que logo reviste coa denominada “solidariedade interterritorial”, que nunca tivo unha demostración empírica da súa aplicación.

Fronte ao actual sistema de financiamento autonómico só dous territorios tiveron un sistema de concerto co Estado, e nunca entraron nas leas sobre a suficiencia do modelo, as eivas para financiar os servizos básicos, ou outras similares. Ao contrario, os modelos de concerto vasco e navarro atinxiron sempre alto nivel de consenso entre as administracións implicadas, e conseguiron ademais que as facendas destes territorios gozasen dunha maior suficiencia financeira, e mesmo acreditaron unha maior eficacia á hora da aplicación da política fiscal. Ademais, agora xa se están a expresar voces autorizadas a prol do concerto económico entre o Estado e Catalunya, como foi o caso do propio presidente da Xunta, Núñez Feijoo, quen, en novembro pasado, se amosou disposto a discutir que Catalunya teña un concerto similar ao vasco ou navarro. Iso implicaría que as nacións (“nacionalidades históricas” na terminoloxía constitucional), gocen dun sistema de relacións económicas e fiscais bilaterais co Estado, co que Galiza non pode ficar á marxe, do contrario estaría a admitirse unha intolerábel rebaixa do seu status institucional e político.

Por iso queremos un financiamento propio para o noso país, con plena capacidade para deseñar a política fiscal. Sen política fiscal propia, sen un modelo onde a xestión do gasto vaia ligada á do ingreso, sen Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos, non hai garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos nin do deseño dunha política económica propia de políticas acaidas de estímulo aos nosos sectores

produtivos. Non pode haber redistribución social se non podemos incidir directamente cunha política fiscal deseñada e xestionada desde Galiza.

As galegas e os galegos estamos a contribuír con máis diñeiro en impostos ao Estado español do que o Goberno central logo transfire para o noso financiamento. Se nos remitimos ás liquidacións tributarias, a recadación dos impostos en Galiza asignados ao sistema de financiamento ( datos de 2014, últimos dispoñíbeis ) foi de 9.188 millóns de euros, e engadindo a parte que nos correspondería de impostos totalmente centralizados ( entre eles o Imposto de Sociedades ) en función do peso económico de Galiza no conxunto do Estado ( 1.942 millóns máis ) a recadación final ascende a 11.131 millóns de euros. Pola súa banda, as remesas do sistema de financiamento a Galiza foron no ano 2014 7.034 millóns de euros.

O sistema de concerto permite mellorar o financiamento dos servizos básicos, ampliar as competencias asumidas para incorporar á administración galega (salvamento marítimo, policía galega, etc ); e, sobre todo, asumir a administración do financiamento dos concellos de Galiza e unha distribución acorde á realidade local galega e superar o actual reparto discriminatorio do Estado que para concello de menos de 75.000 habitantes non ten en conta os maiores custos que supoñen a dispersión xeográfica e o avellentamento, ou premiando a concentración poboacional de Madrid, Barcelona ou Valencia, en detrimento de Vigo, A Coruña ou Ourense.

Tamén se evitaría que se dese preferencia desde o Goberno central a destinar os nosos impostos para rescatar a banca privada, manter o avultado financiamento de defensa e armamento militar ou soste un aparello burocrático centralizado en vinculación coa prestación de servizos.

Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos, apoiar aos sectores produtivos, e mesmo mellorar o financiamento dos concellos galegos en base a un reparto con criterios propios.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar ao Goberno galego a:

A) Defender un novo acordo de financiamento para Galiza, baseado no concerto económico, na atribución a Galiza da plena capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, para asegurar a consecución efectiva do principio de progresividade fiscal no sistema impositivo.

B) Demandar, con base no modelo de concerto económico, a territorialización completa dos tributos do sistema fiscal soportados en Galiza, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades de Galiza e para dotar o goberno galego dun elemento esencial de autogoberno: a política fiscal.

C) Impulsar a creación dunha Axencia Tributaria Galega, que terá capacidade para a organización e o exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), como única administración responsábel, de todos os tributos soportados en Galiza. Esta Axencia será a encargada de levar a termo:

- A transferencia dos recursos necesarios desde Galiza ao Estado en concepto do custo das competencias e dos servizos comúns prestados que afecten a Galiza, que será fixada con carácter plurianual e revisábel en función de criterios e parámetros obxectivos.

- A transferencia aos concellos galegos, con base nun modelo propio de financiamento local, dos recursos necesarios para atenderen as súas competencias e servizos locais con criterios propios que permitan unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega.

D) Promover a creación dun mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que sirva de elemento verdadeiro para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.

2. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno galego, ao presidente do Parlamento de Galiza e ás persoas portavoces dos grupos parlamentarios.”

#### **Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega**

**Dirixíndose ao grupo BNG lles manifesta que "despois de toda a vida criticando o acordo da transición agora veñen con algo propio do acordo pidindo pouco, sexan valentes e traian algo como Deus manda, pide un Estado Federal, porque claro está que Galicia é rica.-**

**Un exemplo claro é que Ferroatlántica paga os seus impostos en Madrid e si tiveramos un sistema propio seríamos nós os que aportaríamos á Estepa, porque aínda que moitas veces non se diga sabemos que España é como un donuts, sobra o do medio.**

#### **Sr. Sar Oliveira do Grupo BNG**

**Decirlle que para min a única fórmula válida é a independencia, pero hai que dar os pasos posibles.**

#### **Sr. Alcalde**

**Dicir que é certo que sen entrar no rexime de reparto do Estado, porque a labor política nos ocupa moito tempo, es el Estado Autónomo que tenemos y sobre todo desde la autonomía política.- Nos entendemos que o exposto na Moción. é o camiño que debemos seguir.-**

**Seguidamente o Pleno por seis votos a favor ( 4 PSdG- PSOE e 2 BNG ), Catro en contra do Grupo Popular e Unha abstención do Sr. García Pouso**



**de Grupo Convergencia Galega, facendo constar que debería ser máis ampla e é curta, acorda aprobala en todo o seu contido.**

**C) MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO BNG RELATIVA Á IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU HIDROCARBUROS.**

( Rexistro de Entrada 331 de data 1/02/2017 )

**Dada conta do seu contido:**

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa a abordar o estudo, tramitación e aprobación dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Tribunal Supremo vén de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven as empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixaron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas.

Estes fallos, contrarios á Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico e tamén noutros sectores que empregan o dominio público para o transporte de gas ou hidrocarburos, requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos. Ademais, tamén se validan os criterios empregados polos informes técnico-económicos onde se valora o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base impositiva da taxa.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren. Malia esa habilitación legal, e unha vez se aprobaron ordenanzas reguladoras para fixar esa obriga de xeito concreto, as empresas non aboaron nunca dita taxa, amosando belixerancia e conflitividade xudicial contra as entidades locais que a impulsaron, negando uns recursos lexítimos ás entidades locais necesarios para poder afortalar os servizos locais.

As propias sentenzas emitidas avalan o cálculo das tarifas da taxa de acordo cun estudo técnico-económico onde se empregan como criterios para obter o seu valor a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalacións, e a base impoñíbel é resultado de multiplicar ese valor do inmóbel ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal. Así, a cota a pagar sitúase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalacións de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión -baixa, media ou alta-, e que no que atinxe ás de transporte de gas, oscila entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Aclárase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravar a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica (partindo dos casos axuizados nas sentenzas) mais tamén gas ou hidrocarburos (ao estenderse a dito obxecto as ordenanzas validadas xudicialmente).

Unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, cómpre iniciar os procesos e trámites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos neste concello.”

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Iniciar os estudos e xestión necesarias para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.**

**Seguidamente, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda deixala sobre a Mesa por entender que xa existe unha aprobada para esta finalidade.-**

**3º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-**

**- Altas, Baixas e Cambios de domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.**

**- Procedementos sancionadores de Tráfico.**

**- Aprobación do Plan de Vacacións a favor de:**

**Francisco M. López Martínez durante o período 13 ao 23 de decembro (ambos incluídos )**

**José Manuel Díaz Blanco: 13/12/2016 ao 17/01/2017 (ambos incluídos ).**

**Luís Insua Liñeiro: 12/12/2016 ao 13/01/2017 ( ambos incluídos ).**  
**Iria García Sar: 23 ao 30 de decembro de 2016.**  
**María Rodríguez Fernández: 23 ao 30 de decembro de 2016.**

**Begoña Valdomar Insua: 13 ao 22 de decembro de 2016.**  
**Fernando Pérez Rivas: 23 ao 30 de decembro.**  
**Alicia López Gil: 23 ao 30 de decembro.**  
**Manuel Lagoa López: 24 ao 30 de xaneiro de 2017.**  
**Mª Lourdes Domínguez Lago: 3 ao 13 de xaneiro de 2017.**  
**Mª Dolores Martínez Pérez: 6 ao 10 de febreiro de 2017.**

- **Concesión de permiso por asuntos particulares con cargo ao ano 2016 os días 18 ao 31 de xaneiro de 2017 ( ambos incluídos ) en favor de Luís Insua Liñeiro.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares con cargo ao ano 2016 os días 2, 3, 4, 9, 10, 11, 12, 13, 16, 17, 18, 19, 20 e 23 de xaneiro de 2017 en favor de Manuel Lagoa López.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de Mª Lourdes Domínguez Lago o día 21 de decembro de 2016 e denegar os días 20 e 22 por necesidades do servizo.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de Mª Dolores Martínez Pérez durante os días 14 ao 28 de decembro de 2016.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de Noelia Castreje Canosa os días 14 e 15 de decembro.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de Pilar García Trillo durante os días 2, 3 e 4 de xaneiro de 2017.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares a Jacobo Carlos Mariño Campos os días 14 e 15 de decembro.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de María Teresa Dourado Martínez durante os días 22 e 23 de decembro.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de Nélida Cambeiro Otero os días 2 e 5 de xaneiro de 2017.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares a favor de Carmen María Ballón Estévez a mañá dos días 22 e 23 de decembro. Así mesmo conceder á citada traballadora os días 4 e 5 de xaneiro con cargo ás vacacións do ano 2016.**
- **Concesión de permiso a Juan Carlos Carril Pérez por traslado de domicilio dentro da mesma localidade os días 30/12/2016 e 2/01/2017.**

- **Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de Alicia López Gil os días 2, 3, 4, e 5 de xaneiro de 2017.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares con cargo ao ano 2016 do día 2 ao 5 de xaneiro a favor de osvaldo Santos Lobelos.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares a favor de José Manuel Díaz Blanco durante os días 19 ao 30 de xaneiro de 2017 con cargo ao ano 2016.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares con cargo ao ano 2016 os días 2, 3, 5, 26 e 27 de xaneiro de 2017 a favor de Miguel Angel Olveira Traba.**
- **Concesión de permiso a favor de Amable Canosa Martínez os días 5, 9, 10, 11, 12, 13, 16, 17, 18, 19 e 20 de xaneiro de 2017 por asuntos particulares con cargo ao ano 2016.**
- **Concesión de permiso a M<sup>a</sup> Lourdes Domínguez Iago os días 18 e 25 de xaneiro de 2017 por asuntos particulares con cargo ao ano 2016.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares os días 4 e 5 de xaneiro de 2017 por asuntos particulares con cargo ao ano 2016 a Juan Carlos Lagoa López.**
- **Concesión de permiso a favor de Jacobo Carlos Mariño Campos os días comprendidos entre o 10 e 26 de xaneiro por asuntos particulares con cargo ao ano 2016.**
- **Concesión de permiso a favor de Silvia Sar Insua os días 13 e 16 de xaneiro de 2017 con cargo ao ano 2016.**
- **Concesión de permiso a Juan Carlos Lagoa López para os días 17 ao 31 de xaneiro de 2017 por asuntos particulares con cargo ao ano 2016.**
- **Concesión de permiso a favor de Noelia Castreje Canosa os días 27 e 30 de xaneiro de 2017 por asuntos particulares con cargo ao ano 2016.**
- **Concesión de permiso a favor de María Filomena Domínguez Velay os días 26, 27, 30 e 31 de xaneiro de 2017 por asuntos particulares con cargo ao ano 2016.**
- **Concesión de permiso a favor de Osvaldo Santos Lobelos os días 30 e 31 de xaneiro de 2017 por asuntos particulares con cargo ao ano 2016.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares os días 27 de xaneiro ata o 7 de febreiro de 2017 con cargo ao ano 2016 a favor de Juan José Lago Estévez.**

- Aprobación de novo proxecto de execución da obra denominada “Reforzo da Rede de Abastecemento de Auga na Avenida da Anchoa” por un importe de 19.184,55 €.
- Concención de licenza a Gonzalo Manuel Insua Fernández para proceder ao desescombro do baixo dunha edificación do baixo sita na Praza da Cerca 1.
- Delegación de funcións en favor do 1º Tenente de Alcalde Xan Carlos Sar Oliveira durante os días 25 ao 31 de decembro de 2016.
- Resolución de desestimación do recurso de reposición formulado por David López Macías en data 2 de novembro de 2016.
- Expediente de adxudicación definitiva contrato menor obra denominada “Mellora alumeadado público no paseo marítimo de Sardiñeiro” cun presuposto de execución de 12.996,05 € en favor da empresa Marcelino González Estévez.
- Concesión de permiso a Osvaldo Santos Lobelos por falecemento de familiar de 1º grao de consanguinidade para os días 12, 13, 14, 15 e 16 de decembro de 2016.
- Suspensión inmediata de obras de “Reforma e ampliación dunha vivenda” sita na localidade de Buxán 14, por parte do promotor Victor Domínguez Canosa.
- Contratación con carácter eventual durante o período comprendido entre o día 29 de decembro de 2016 ao 31 de xaneiro de 2017 como condutor.
- Contratación con carácter eventual a María Trillo Domínguez durante o período comprendido entre o día 3 ao 13 de xaneiro de 2017.
- Concesión de axuda por importe de 300 Euros a P. V. D.
- Autorización a Eva Mª Senlle Buiturón, en representación da Comisión de Festas de San Vicente de Duio, para celebrar os festexos en honra a San Vicente os días 21 e 22/01/2017 na localidade de Ermedesuxo de Abaixo.
- Autorización a Eva Mª Senlle Buiturón, en representación da Comisión de Festas de San Vicente de Duio, para a celebración de espectáculo pirotécnico os días 21 e 22/01/2017 na localidade de Ermedesuxo de Abaixo.
- Acordo de solicitude de subvención á Excma Deputación Provincial para mantemento do Servizo de Normalización Lingüística por importe de 12.000 Euros.

- Concesión de axuda económica a R. M. T. P. por importe de 100 Euros.
- Concesión de axuda económica a M. C. C. por importe de 30 Euros.
- Inscripción da “Asociación Piratas de Fisterra” no Rexistro Municipal creado ao efecto co número 30.
- Contratación con carácter eventual a Eduardo Insua Díaz durante o período comprendido entre o 24 de xaneiro ata o momento de alta da traballadora substituída.
- Concesión de axuda para transporte polo importe de 80 Euros en favor de R. D. D..

O Pleno dase por enteirado.

4º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

- En que situación se encontra a obra da Insua?

Alcalde

Actualmente está adxudicada a Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L. pero nestes momentos encóntrase traballando no Saneamento á localidade de Castro.-

-E as obras de reforma de infraestruturas na localidade de San Martiño de Arriba ?

Alcalde

Están pendentes de execución porque o Concello está en contacto coa Empresa Fenosa dado que teñen que facer obras de canalización subterránea nesa zona.

- En que situación está a obra de Padrís?

Alcalde

Está como está, quedaron as pequenas obras que fixo a empresa adxudicataria que ascenderon a 5.000 euros, non reclamou nada.

- Puxéronse en contacto coas familias de Alcalde Fernández ?

Contesta a Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

De momento non.

- Por que non se puxo este ano a iluminación de Nadal na Rúa Alcalde Fernández?

**Contesta a Sra. Fernández Martínez do grupo BNG**

Non se pode poñer mentres non teñamos garantida a seguridade dos arcos de luces ou sexa que estean homologados; pedíronse presupostos para adquirir uns novos dado que os actuais están inservibles.

**- En canto ás actuacións para preservación e mellora de hábitat e da paisaxe rural litoral dentro do Termo Municipal, quen levou a cabo as actuacións?**

**Sr. Alcalde**

A Asociación para Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA ) e voluntarios.

**- Cando se van poñer as actas na Web Municipal?**

**Sr. Alcalde**

Á maior brevidade posible.

**Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega**

**- Por que non se instalou o alumeado de festas nas aldeas do municipio?**

**Contesta a Sra. Fernández Martínez do grupo BNG**

Polo explicado anteriormente.

**- Como está o tema do Castelo de San Carlos, encóntrase aberto, vaise aplicar a taxa e que se pretende facer no futuro?**

**Sr. Alcalde**

Actualmente está pechado, a taxa prevista na Ordenanza fiscal aplicarase cando estea en funcionamento no ano 2017 e preténdese que se siga xestionando por a persoa que o levaba antes Manolo mediante contratación de servizos.

Intervén o **Sr. Sar Oliveira** dicindo que o tema xa está formulado.

- Considero que foi un erro convocar o Entroido no pavillón polideportivo dado que é moi importante.

**Rogo que para o ano que vén se valore e se discuta onde se fan as Comparsas dado que é un evento do que podemos presumir e considero debe ser para o disfrute do pobo de Fisterra.**

**Sr. Alcalde**

Isto foi planteado e aceptado nun foro dos compoñentes das comparsas, éstas cando fan a súa planificación xa estudan se as actuacións deben ser, fóra ou dentro do pavillón polideportivo.

Indica o Sr. García Pouso que non é unha cuestión que vincule só ás comparsas.

Intervén o Sr. Traba Fernández indicando que é necesario modificar a iluminación da praza da Constitución.

Sr. Alcalde

Vaise modificar pero hai que ser consecuentes coas novas novidades porque existe hoxe o que chaman “contaminación lumínica” que determina o enfoque das luces que debe realizarse cara abaixo.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente** remata a sesión, ás 22:45 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.